https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb



https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb
ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

"Esas cousas marabillosas" esgotou as entradas durante tres anos consecutivos no Festival de Edimburgo e logo foi representado en **Londres**, **Nova York**, **Bruxelas**, **San Xoán de Porto Rico**, **Maryland**, **Oregon, Canadá, …**

M**áis de 25.000 espectadores** viron xa esta peza en España esgotando entradas tamén en Madrid e Barcelona

Esta peza do galardoado dramaturgo e director **Duncan MacMillan, c**onverteuse nun fenómeno teatral a nivel mundial e a HBO fixo un documental sobre ela.

O pasado **mes de marzo, Elisardo de la Cruz** estreou "Esas cousas marabillosas" no Festival Internacional do monólogo teatral de Narón (SINGULAR), disposto a continuar esta marabillosa lista.




"Esas cousas marabillosas" comeza cando o público vai entrando na sala e é recibido polo actor. Dálles a benvida, axúdaos a se acomodar, e dálles un papeliño que vai xogar no espectáculo. Cando empeza o espectáculo, o público xa leva un cacho dentro del sen sabelo e algúns cun papeliño na man.

Cóntase unha historia de case tres décadas que comeza cando... mamá está no hospital:
***"Fixo unha parvada", di papá, porque: "resúltalle difícil ser feliz".***
Esta primeira tentativa de suicidio de mamá fai que o fillo (o protagonista), de sete anos daquela, comece a facer unha lista de todo o que é marabilloso no mundo. Todo polo que vale a pena vivir.

***1. Os xeados - 2. As guerras de auga - 3. Non ir para cama á túa hora e poder quedar a mirando a tele - 4. A cor azul - 5. As cousas a cadros - 6. Unha montaña rusa.***
Deixa a lista na almofada de mamá co título "Todas esas cousas marabillosas"...
Mamá leuna, sábese porque corrixiu a ortografía.

Con moitos personaxes e moitas situacións, que se desenvolven coa axuda e a complicidade necesarias do público, constrúese esta peza tenra e emocionante sobre a depresión e ata onde chegamos pola xente a que amamos.

**É unha peza tenra, emocionante e divertida.**
**É unha comedia sobre a depresión e o suicidio**
**É unha obra que pode cambiarche a vida… e para ben.**

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb



**Elisardo de la Cruz** nace na Coruña en 1975. Fai teatro amador na escola e na universidade. Fórmase na Escola Municipal de Arte Dramático de Madrid. Licénciase na carreira de Publicidade funda a axencia de publicidade Empatía Comunicación. Continúa a súa formación en Teatro do Andamio, con Álvaro Guevara e Tatiana Likhacheva. Forma parte da compañía Bartoleta Teatro dirixida por Helga Méndez.

En 2020 remata os estudos de Formación de Actrices e Actores na Escola de Narón. En 2021 funda “Empatía Teatro”, e “Esas cousas marabillosas” é a sua primeira produción profesional.



O director e tradutor **Avelino González** dirixiu espectáculos para as compañías *LagartaLagarta*, *Talía teatro*, *Culturactiva*, *DeUve*... entre outras. Ademais como actor fundou a compañía *Ollomol* actúou con *Teatro do Aquí*, CDG*, Ibuprofeno*... E tamén fixo televisión e cine. Recibiu o premio María Casares ao mellor texto orixinal en 2004 e a mellor tradución nos anos 2006, 2007 e 2011.



**Celia González**, (Directora en xira) é Graduada en Interpretación Textual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, como actriz foi premiada co María Casares á mellor actriz secundaria en 2020 por “Bernarda”.

Como directora dirixiu diversos espectáculos na Escola de Formación de Actores e Actrices de Narón, onde imparte clases de Interpretación e de Voz e dicción.



**Duncan Macmillan** (1980) é un escritor e dramaturgo inglés internacionalmente aclamado por público e crítica desde o seu primeiro texto publicado:

**"The most Human Way to Kill a Lobster"**, de 2005, ao que seguiron “**Lungs“**(Old Vic; Studio Theatre, Washington DC; Paines Plough/Sheffield Crucible); “**Rosmersholm”** (Duke Of York's, West End); “**People, Places and Things”** (Headlong/National Theatre/West End/St Ann's Warehouse, New York/UK ); **“1984”** (co-escrita e co-dirixida con Robert Icke, Headlong/West End/Broadway/e xira nacional e internacional); **“City Of Glass”** (HOME/Lyric Hammersmith), **“2071”** (co-escrita con Chris Rapley, Royal Court/Hamburg Schauspielhaus); **“The Forbidden Zone”** (Salzburg Festival/Schaubühne Berlin/Barbican); **“Wunschloses Unglück“** (Burgtheater Vienna); **“Reise Durch die Nacht”** (Schauspielhaus Köln/Festival d'Avignon/Theatertreffen); **“Monster”** (Royal Exchange Manchester). Outras escritas: **“Love Lockdown”** (Schaubühne Online), Grounded (Headlong/BBC) e Trigonometry (co-escrita con Effie Woods, BBC/HBO)

**"Every Brilliant Thing"** (Esas cousas marabillosas), que se vén representando ininterrompidamente en teatros de todo o mundo desde a súa estrea en 2015, é, sen dúbida, un dous seus maiores éxitos.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

# ADAPTABLE A CALQUERA ESPAZO ESCÉNICO





















ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

# UNHA PEZA MUNDIALMENTE REPRESENTADA



https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

A obra máis divertida que probablemente verás sobre a depresión, e tamén a máis Conmovedora – British Theatre Guide
https://www.britishtheatreguide.info/reviews/every-brilliant-summerhall-ro-10556

Conmovedora, hilarante ... posiblemente unha das obras máis divertidas que xamáis verás - The Guardian **(mellor obra do ano para The Guardian)**
https://www.theguardian.com/stage/2014/dec/19/top-10-stage-shows-of-2014

# E MUNDIALMENTE RECOÑEDIDA

Á vez devastadoramente triste e incriblemente edificante - BroadwayBaby
https://broadwaybaby.com/shows/every-brilliant-thing/701825

É seguro que haberá xente que repita e incorpore esa obra á súa lista de cousas extraordinarias e bonitas polas que merece a pena vivir – The Huffingtonpost
https://cutt.ly/ZE29XJk

Xenuinamente marabillosa e vitalista. É imposible non adorala - A Younger Theatre
https://www.ayoungertheatre.com/edinburgh-review-every-brilliant-thing-summerhall-roundabout/

Profundamente persoal. Desafío a calquera a non rir e chorar – WhatsOnStage
https://www.whatsonstage.com/edinburgh-theatre/reviews/every-brilliant-thing_35399.html

Chea ata os topes de alegría ... fermosa, desgarradora e moi divertida - Estafe Out London
https://www.timeout.com/london/theatre/every-brilliant-thing-review

Peza extraordinaria de teatro participativo e inclusivo - The Stage
https://www.thestage.co.uk/opinion/opinion/all-theatre-great-and-small--from-the-last-ship-to-every-brilliant-thing

Divertida, intelixente e sorprendentemente edificante - The Telegraph
https://cutt.ly/sE29MCL

Catártica e iluminadora: The Daily Beast.
https://www.thedailybeast.com/how-to-make-sense-of-suicide-the-quiet-genius-of-every-brilliant-thing-on-hbo

## NECESIDADES TÉCNICAS

Ancho 2 m　Alto 3 m　Fondo 2 m

**Son** 2.000 watios de sonido

**Iluminación** 8.000 watios de luz

Catro altofalantes nas 4 esquinas do espazo en trípode a aproximadamente 140 cm de alto.
Mesa de son con un mímino de 4 canais de micro e un estéreo, e 2 envíos.

Catro torres nas catro esquinas do espazo (a unha altura ideal de 4 metros, a revisar de non contar con ese espazo) con dous PC 1000 en cada unha (mínimo 4 canais de dimmer de 2000w canal). Mesa de iluminación con posibilidade de gravar submasters/ escenas.

Tempo (montaxe) 120 min Persoal necesario 1
Tempo (desmontaxe) 45 min Persoal necesario 1
Persoal técnico 1

O espazo da representación poderá ser compartido co público polo que o espectáculo pódese adaptar a absolutamente calquera espazo escénico con ou sen escenario.

## CACHÉ

SEN TÉCNICA
1338,18€
IVE 10%: 133,82
**TOTAL: 1.472€**

CON TÉCNICA
1798,18€
IVE 10%: 179,82€
**TOTAL: 1.978€**

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

ELISARDO JUAN DE LA CRUZ GARCIA
Data e hora: 14/02/2024 00:05

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
e5bd9fddde3de9ee9bd1ad366b9df9d7ddb4db47fc6f47b769bd79ddbebb

